

Disposición transitoria quinta. *Creación, modificación e supresión de centros e operacións patrimoniais.*

1. Ata que non sexan aprobados e conclúan os procesos de segregación de actividades regulados nas disposicións transitorias segunda e terceira, as solicitudes das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social de autorización para a creación, modificación ou supresión de instalacións e servizos sanitarios e recuperadores a que se refire o artigo 12.1 do Regulamento xeral sobre colaboración na xestión das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1993/1995, do 7 de decembro, así como as solicitudes e comunicacións reguladas nos artigos 26 a 29 do citado regulamento, deberán ir acompañados necesariamente dunha memoria explicativa de que a operación correspondente carece de incidencia e non resulta afectada polos procesos de separación de actividades regulados nas disposicións transitorias segunda e terceira.

2. Cando a mutua opte pola modalidade de organización específica regulada na disposición transitoria terceira, non poderá subscribir novos concertos para o desenvolvemento de actividades preventivas, nin solicitar novas acreditacións como servizo de prevención alleo, ata que non sexa aprobado o proceso de segregación. Igualmente, durante o referido período tampouco poderán realizar as operacións patrimoniais reguladas nos artigos 26 a 29 do Regulamento xeral sobre colaboración na xestión das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social, nin crear, modificar ou suprimir centros e instalacións, ou contratar persoal, en relación coas actividades preventivas, tanto das comprendidas na cobertura das continxencias profesionais como das correspondentes aos servizos de prevención.

Disposición transitoria sexta. *Acreditacións como servizo de prevención alleo.*

No prazo dun ano desde o outorgamento da escritura pública a que se refire o punto 4 da disposición transitoria segunda ou desde a aprobación do proceso regulado na disposición transitoria terceira, as mutuas deberánlle comunicar á autoridade laboral competente, para os efectos que procedan, as modificacións das condicións en que se baseou a súa acreditación como servizo de prevención alleo que sexan consecuencia da referida separación, todo iso de acordo co disposto no artigo 27 do Regulamento dos servizos de prevención, aprobado polo Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro. En todo caso, entenderanse subsistentes durante o citado prazo as acreditacións das mutuas como servizos de prevención alleos, así como, se é o caso, respecto das sociedades de prevención constituídas por elas.

Disposición transitoria sétima. *Garantía para o persoal.*

Se durante un período de cinco anos desde o outorgamento da escritura pública a que se refire a disposición transitoria segunda se producise o cesamento por imperativo legal das actividades que como servizo de prevención viñese desenvolvendo a mutua a través da correspondente sociedade de prevención, a mutua responderá subsidiariamente, con cargo ao seu patrimonio histórico e con cargo ao patrimonio da Seguridade Social adscrito, por esta orde, das obrigas que puidesen derivar respecto ao persoal cedido á referida sociedade, podendo optar pola readmisión o devandito persoal no cadro de persoal da mutua.

Disposición transitoria oitava. *Adaptación dos estatutos.*

As mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social adaptarán os seus estatutos ao disposto neste real decreto. Esta adaptación deberase levar a cabo no prazo dos seis meses seguintes á data da resolución pola que se autorice a continuación da actividade como servizo de prevención alleo ou o cesamento na devandita actividade, que se regulan nas disposicións transitorias segunda, terceira e cuarta.

Disposición derradeira primeira. *Facultades de aplicación e desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de Traballo e Asuntos Sociais para ditar cantas disposicións de carácter xeral sexan precisas para a aplicación e desenvolvemento deste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 10 de xuño de 2005.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Traballo e Asuntos Sociais,

JESÚS CALDERA SÁNCHEZ-CAPITÁN

XEFATURA DO ESTADO

10069 *LEI 10/2005, do 14 de xuño, de medidas urxentes para o impulso da televisión dixital terrestre, de liberalización da televisión por cable e de fomento do pluralismo.* («BOE» 142, do 15-6-2005.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A aparición da tecnoloxía dixital e a súa aplicación á transmisión e difusión dos servizos públicos de radiodifusión sonora e televisión supón un avance tecnolóxico de gran relevancia, que abre a posibilidade de lles ofrecer aos cidadáns unha oferta de maior calidade e de programación máis diversa e avanzada.

No contexto actual, en que a transición á televisión e radio dixital en España sufriu distintos avatares que viñeron atrasar a implantación e o despregamento de novos programas e servizos dispoñibles para todos os cidadáns, faise necesario articular medidas urxentes para favorecer a efectiva transición desde a tecnoloxía analóxica á dixital terrestre, ofrecerlles aos cidadáns a posibilidade de accederen a un maior número de programas e de servizos, con maior calidade e garantir a debida pluralidade da oferta en España.

Sen menoscabo de futuras iniciativas lexislativas que lle ofrezan un marco xurídico xeral ao sector audiovisual español, a necesidade de avanzar de forma adecuada na transición cara á televisión e radio dixital terrestres, que permita a recepción desa oferta máis ampla e de maior calidade, xustifica o feito de que se adopten, para este período de transición, medidas de carácter urxente que aseguren non só o correcto despregamento de novas canles e programas de televisión e radio nas distintas coberturas territoriais, senón tamén a súa adecuada cobertura legal.

O Real decreto 1287/1999, do 23 de xullo, polo que se aproba o Plan Técnico Nacional da Radiodifusión Sonora Dixital Terrestre, e a Orde do 23 de xullo de 1999, pola que se aproba o Regulamento técnico e de prestación do servizo de radiodifusión sonora dixital terrestre, desenvolven a disposición adicional 44.^a da Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, pola que se establece o marco legal das concesións para a xestión indirecta dos servizos públicos de televisión e radiodifusión sonora con tecnoloxía dixital. As disposicións anteriores, xunto á disposición adicional sexta da Lei 31/1987, do 18 de decembro, de ordenación das telecomunicacións, establecen, por tanto, o marco xurídico polo cal se sinalan os límites de participación en entidades concesionarias do servizo de radiodifusión sonora dixital. Este marco en que coexisten réximes xurídicos diferentes para as distintas tecnoloxías de difusión, analóxica ou dixital, non proporciona satisfacción á realidade dun sector, como o radiofónico, inmerso nun gran proceso de crecemento e iniciando a introdución da tecnoloxía dixital, ao non establecer un tratamento adecuado e unificado aos distintos mercados radiofónicos en función da súa tecnoloxía de difusión no que a límites de participación e control das concesións se refire.

Polo anterior, esta lei modifica o contido da disposición adicional sexta da Lei 31/1987, do 18 de decembro, de ordenación das telecomunicacións, sinalando que unha mesma persoa física ou xurídica non poderá, en ningún caso, controlar directa ou indirectamente, para unha mesma tecnoloxía de difusión, máis do cincuenta por cento das concesións administrativas do servizo de radiodifusión sonora terrestre que coincidan substancialmente no seu ámbito de cobertura, nin controlar máis de cinco concesións nun mesmo ámbito de cobertura. Neste mesmo sentido esta lei establece que se considerará control dunha concesión de radiodifusión sonora, xa sexa difundida mediante tecnoloxía analóxica ou dixital, os supostos a que se refire o artigo 42 do Código de comercio.

Mediante a Lei 10/1988, do 3 de maio, de televisión privada, adoptouse a decisión de regular a xestión indirecta da televisión, de acordo cos principios sinalados polo Tribunal Constitucional e os que derivaban necesariamente do seu carácter de servizo público esencial. Esta lei, que xa na súa exposición de motivos adiantaba «estar aberta a futuros cambios ou innovacións tecnolóxicas», estableceu no seu artigo 4 un límite de tres concesións, considerando conxuntamente cálculos de viabilidade económica para as empresas concesionarias, exixencias ou limitacións técnicas existentes no momento de aprobarse a lei, hai 16 anos, e o interese do público por unha programación diversificada. Neste anteproxecto suprímese este límite.

Os cambios introducidos no sector audiovisual, grazas á tecnoloxía dixital, conduciron a un escenario en que unha tecnoloxía de substitución provoca un fenómeno de transferencia no cal, durante un determinado período de tempo, coexisten ambas, o que supón a presenza simultánea de concesións de servizo televisivo en canles analóxicas e de distintos programas en canles dixitais.

Neste marco de transición tecnolóxica que vive a televisión en España, prodúcese a presenza simultánea de

capital de grupos de comunicación en televisións de distintas ou iguais coberturas, pero que utilizan distintas tecnoloxías para a súa transmisión. Esta circunstancia conduciu á aprobación da disposición transitoria terceira da Lei 10/1988, do 3 de maio, de televisión privada, modificada pola disposición adicional trixésimo segunda da Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, pola cal as persoas físicas ou xurídicas que, en 1 de xaneiro de 2004, incumprían o disposto no artigo 19 da Lei 10/1988, do 3 de maio, estarían suxeitas ao disposto no seu artigo 21 bis, excepto aquelas que participasen no capital de concesionarios de servizo público de televisión de ámbito estatal empregando exclusivamente tecnoloxía dixital de difusión e unicamente con relación ás ditas concesións, ás cales non lles sería de aplicación o artigo 21 bis ata o 1 de xaneiro de 2005.

Nestas circunstancias, a resultas da actual situación do mercado audiovisual español, e da próxima posta en marcha do Plan de Fomento á Transición cara á Televisión Dixital Terrestre, resulta aconsellable ampliar o prazo transitorio previsto na citada disposición transitoria terceira da Lei 10/1988, do 3 de maio, de televisión privada, modificada pola disposición adicional trixésimo segunda da Lei 62/2003, do 30 de decembro, ata a data da efectiva finalización das emisións de televisión de cobertura estatal con tecnoloxía analóxica, nos termos que se concreten no Plan Técnico Nacional de Televisión Dixital Terrestre.

Esta lei introduce unha serie de modificacións na Lei 41/1995, do 22 de decembro, de televisión local por ondas terrestres. A previsión inicial do artigo 9 da mencionada lei, pola cal só un programa de cada canle múltiple podía ser reservado para a xestión directa dos concellos presentes en cada demarcación, fai aconsellable a súa flexibilización para que, ao criterio das respectivas comunidades autónomas, xa sexa por número de municipios incluídos na demarcación, xa sexa polo volume de habitantes desta, se poida excepcionalmente aumentar ata dous o número de programas xestionados polos concellos. Ademais a lei prevé a posibilidade de que corporacións que non adoptasen inicialmente o acordo de xestionar o servizo de televisión local de forma directa o poidan facer no futuro, toda vez que as condicións da súa incorporación a proxectos xa en marcha sexan acordadas cos seus xestores e debendo contar, en todo caso, coa autorización previa da comunidade autónoma correspondente.

Por outro lado, e no sentido de equiparar o período de concesión administrativa para a prestación deste servizo televisivo ao doutras televisións de maiores ámbitos de cobertura, pásase dos cinco anos previstos orixinalmente pola citada lei aos 10 anos que xa nos encontramos na lexislación aplicable ás televisións de cobertura autonómica con tecnoloxía dixital e ás privadas de cobertura nacional. O paso de cinco a 10 anos do período concesional para as televisións locais non só se xustifica polo criterio de homoxeneización con outras televisións de distinta cobertura, senón tamén pola necesidade de prever períodos de tempo suficientes para a amortización e optimización dos recursos económicos e técnicos necesarios para a prestación do servizo de televisión dixital local.

No ámbito da televisión local dixital tamén se introducen cambios que pretenden mellorar a xestión das novas adxudicacións de concesións, como a prolongación do prazo de que dispoñen as comunidades autónomas para resolver esta cuestión.

Xunto ao anterior, esta lei, ante un escenario de desenvolvemento limitado no despregamento dos servizos de difusión de radio e televisión por cable, aborda a modificación da disposición transitoria décima da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, no sentido de facer efectiva a prestación en competencia de servizos de difusión de radio e televisión por cable, limitada ata a data.

Por último, indícase que as modificacións introducidas por esta lei afectan de forma parcial e limitada a Lei 31/1987, do 18 de decembro, a Lei 10/1988, do 3 de maio, a Lei 41/1995, do 22 de decembro, e a Lei 32/2003, do 3 de novembro, sen menoscabo de futuras e necesarias modificacións de carácter xeral no réxime xurídico do sector audiovisual español.

Artigo primeiro. *Modificación da Lei 31/1987, do 18 de decembro, de ordenación das telecomunicacións.*

Un. Modifícase o texto do punto 1 do artigo 25, que queda coa redacción do seguinte teor:

«1. Os servizos de radiodifusión sonora e televisión por ondas terrestres son servizos públicos en que a comunicación se realiza nun só sentido a varios puntos de recepción simultaneamente.

A prestación en réxime de xestión indirecta destes servizos requirirá a previa concesión administrativa. O incumprimento deste requisito tipifícase como infracción moi grave e dará lugar á aplicación do oportuno réxime sancionador, podendo adoptarse como medida de carácter provisional o peche da actividade. Esta infracción implicará unha multa económica entre 60.000 e 1.000.000 de euros.

En todo caso, a contía da sanción que se impoña dentro dos límites indicados graduarase tendo en conta, ademais do previsto no artigo 131.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, o seguinte:

- a) O ámbito de cobertura da emisión.
- b) O beneficio que lle reportase ao infractor a conduta sancionada.
- c) Os danos causados.»

Dous. As alíneas d) e e) da disposición adicional sexta da Lei 31/1987, do 18 de decembro, de ordenación das telecomunicacións, quedan redactadas do seguinte modo:

«d) Unha mesma persoa física ou xurídica non poderá, en ningún caso, controlar directa ou indirectamente máis do cincuenta por cento das concesións administrativas do servizo de radiodifusión sonora terrestre que coincidan substancialmente no seu ámbito de cobertura. En todo caso, unha mesma persoa física ou xurídica non poderá controlar máis de cinco concesións nun mesmo ámbito de cobertura.

Nunha mesma comunidade autónoma ningunha persoa física ou xurídica poderá controlar máis do corenta por cento das concesións existentes en ámbitos en que só teña cobertura unha concesión.

Ningunha persoa física ou xurídica poderá controlar directa ou indirectamente máis dun terzo do conxunto das concesións administrativas do servizo de radiodifusión sonora terrestre con cobertura total ou parcial no conxunto do territorio do Estado.

Co obxecto de limitar o número de concesións cuxo control se pode simultanear, á hora de contabilizar estes límites non se computarán as emisoras de radiodifusión sonora xestionadas de forma directa por entidades públicas.

Para os efectos previstos neste punto, enténdese por control os supostos a que se refire o artigo 42 do Código de comercio.

e) Os límites anteriores aplicaranse de forma independente ás concesións para a emisión con tecnoloxía dixital e ás concesións para a emisión con tecnoloxía analóxica.»

Artigo segundo. *Modificación da Lei 10/1988, do 3 de maio, de televisión privada.*

A Lei 10/1988, do 3 de maio, de televisión privada, modifícase nos seguintes termos:

Un. Suprímese o punto 3 do artigo 4.

Dous. A disposición transitoria terceira queda redactada do seguinte modo:

«Disposición transitoria terceira.

O disposto no artigo 19 non será de aplicación con respecto ás participacións simultáneas nunha sociedade concesionaria do servizo público de televisión de ámbito estatal que emita en analóxico e outra que empregue exclusivamente tecnoloxía dixital de difusión, ata a data do cesamento efectivo das emisións de televisión con tecnoloxía analóxica establecida no Plan Técnico Nacional de Televisión Dixital Terreal, a partir da cal será de aplicación o previsto no artigo 21 bis.»

Artigo terceiro. *Modificación da Lei 41/1995, do 22 de decembro, de televisión local por ondas terrestres.*

A Lei 41/1995, do 22 de decembro, de televisión local por ondas terrestres, modifícase nos seguintes termos:

Un. Engádeselle un segundo parágrafo ao artigo 3.2, do seguinte teor:

«Sempre que existan frecuencias dispoñibles, o Plan Técnico Nacional da Televisión Dixital Local reservará canles múltiples con capacidade para a difusión de programas de televisión dixital para atender as necesidades de cada unha das organizacións territoriais insulares.»

Dous. Modifícase o artigo 5 nos seguintes termos:

«O servizo de televisión local por ondas terrestres será xestionado polos municipios, e, no caso das canles reservadas para as demarcacións insulares, polos cabidos ou consellos insulares, mediante algunha das formas previstas no artigo 85.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, ou por persoas naturais ou xurídicas, con ou sen ánimo de lucro, logo da obtención, en ambos os casos, da correspondente concesión.»

Tres. O artigo 9 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 9. *Modo de xestión.*

1. Unha vez aprobada no Plan Técnico Nacional da Televisión Dixital Local a reserva de frecuencias para a difusión de canles múltiples de televisión local nunha determinada demarcación, os municipios incluídos dentro desta e, de ser o caso, os órganos de goberno da Administración insular para as frecuencias reservadas para as illas, poderán acordar a xestión directa de programas de televisión local con tecnoloxía dixital, dentro das canles múltiples correspondentes a esta demarcación.

A decisión de acordar a xestión directa de programas de televisión dixital deberá ter sido adoptada polo pleno da corporación municipal e, no caso das illas, polo cabido ou consello insular.

As comunidades autónomas, unha vez oídos os concellos incluídos no ámbito territorial da demarcación e os órganos de goberno da Administración insular para as frecuencias reservadas para as illas, determinarán en cada unha delas o número de programas que se reservan ás entidades locais para a xestión directa do servizo de televisión dixital local. Garántese polo menos un programa por demarca-

ción e, no caso das administracións insulares, dous.

Salvo no caso das canles reservadas para as illas, no suposto de que o ámbito de cobertura da canle múltiple comprenda varios termos municipais, o programa reservado para a xestión directa municipal será atribuído conxuntamente aos municipios incluídos no dito ámbito de cobertura que así o soliciten.

Excepcionalmente, as comunidades autónomas poderán reservar un segundo programa para ser xestionado de forma directa polos concellos.

No suposto de que no mesmo ámbito de cobertura coincidan máis dunha canle múltiple, as comunidades autónomas poderán acordar que os programas reservados aos concellos para a súa xestión directa se sitúen todos eles dentro dunha mesma canle.

2. Os restantes programas dispoñibles para a difusión do servizo de televisión local serán adjudicados polas comunidades autónomas de acordo co previsto no artigo 13 desta lei.

3. En ambos os casos correspóndelles ás comunidades autónomas o outorgamento das correspondentes concesións para a prestación do servizo que, en calquera caso, poderán ter en conta como criterio positivo de valoración a experiencia demostrada en televisión local de proximidade polas compañías operadoras.

A devandita experiencia poderase acreditar, demostrando estar ao abeiro da disposición transitoria primeira da Lei 41/1995, do 22 de decembro, de televisión local por ondas terrestres.

4. Aquelas corporacións locais que inicialmente non acordasen a xestión directa de programas de televisión dixital local poderán, mediante acordo adoptado polo pleno da súa corporación municipal, solicitar a súa incorporación á televisión dixital local de xestión directa que lles corresponda na súa demarcación.

A incorporación así como as súas condicións, que deberán ter sido acordadas co resto das corporacións presentes na xestión dese programa, deberán ser autorizadas de forma previa pola comunidade autónoma correspondente.»

Catro. O artigo 12 queda redactado como segue:

«Cando o servizo de televisión local por ondas terrestres o xestionan os municipios e, de ser o caso, as illas, o control das actuacións será efectuado respectivamente polo pleno da corporación municipal, o cabido no caso das Illas Canarias e o consello insular no das Illas Baleares. Estes órganos velarán igualmente polo respecto aos principios enumerados no artigo 6 desta lei.»

Cinco. O artigo 14 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 14. *Duración da prestación do servizo nas súas distintas modalidades.*

A concesión para a prestación do servizo outorgase por un período máximo de 10 anos. As novas concesións outorgadas tras a entrada en vigor desta lei, así como as adjudicadas con anterioridade, son prorrogables polas comunidades autónomas por períodos de 10 anos por petición do concesionario, en función das dispoñibilidades de espectro radioeléctrico, doutras necesidades e usos deste e do desenvolvemento do sector audiovisual. Con carácter previo á prórroga, corresponderalle á Administración xeral do Estado a valoración destas circunstancias e a previa renovación da asignación de

frecuencia xa outorgada ou, de ser o caso, a asignación dunha nova, e ás comunidades autónomas, valorar os aspectos da súa competencia.»

Seis. O punto 3 da disposición transitoria primeira queda redactado do seguinte modo:

«A solicitude para o outorgamento da concesión será dirixida polos respectivos concellos, cabidos ou consellos insulares á comunidade autónoma correspondente.»

Sete. O punto 4 da disposición transitoria primeira queda redactado do seguinte modo:

«4. No caso de non se obter a dita concesión, tales emisoras deixarán de emitir nun prazo de seis meses contado desde a resolución do concurso ou, no seu defecto, nun prazo de seis meses desde que se esgote o prazo para resolver a adjudicación a que se refire a disposición transitoria segunda, sen que esta previsión supoña dereito a indemnización para os efectos do artigo 139.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. No caso das emisoras afectadas por concursos públicos resolto con anterioridade á data de publicación desta norma, os prazos para deixar de emitir contarán a partir da mencionada data.»

Oito. O punto 3 da disposición transitoria segunda queda redactado do seguinte modo; elimínase o punto 4 e os actuais puntos 5 e 6 pasan a ser os puntos 4 e 5, respectivamente:

«3. O prazo de que disporán as comunidades autónomas para a decisión do número de programas reservados aos concellos e ás administracións insulares e para a súa correspondente concesión, así como para a convocatoria dos concursos e adjudicación das concesións en xestión indirecta, expira o 31 de decembro de 2005.»

Novo. O parágrafo primeiro do punto 5 da disposición transitoria segunda da Lei 41/1995 queda redactado da seguinte forma:

«5. Os adjudicatarios de concesións para a prestación de servizo público de televisión dixital terreal que efectuasen emisións ao abeiro da disposición transitoria primeira da Lei 41/1995, poderán seguir utilizando tecnoloxía analóxica para a difusión das súas emisións, sempre e cando o ámbito territorial das emisións analóxicas sexa coincidente ou estea incluído no ámbito territorial correspondente á concesión dixital adjudicada, durante dous anos contados desde o 1 de xaneiro de 2006, sempre que así o permitan as dispoñibilidades e a planificación do espectro establecida nos plans nacionais de televisión, no marco da normativa reguladora do dominio público radioeléctrico. Para os ditos efectos, os concesionarios presentarán ante a Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información as solucións técnicas necesarias que permitan a emisión con tecnoloxía analóxica, sen que por iso se entendan adquiridos dereitos de uso do dominio público radioeléctrico distintos dos recoñecidos no correspondente título concesional. Finalizado o prazo anteriormente sinalado, aquelas deberán emitir con tecnoloxía dixital e adaptarse ás previsións contidas no Plan Técnico Nacional da Televisión Dixital Local.»

Dez. Ningunha persoa física ou xurídica poderá ser titular de máis dunha concesión en cada demarcación.

Artigo cuarto. *Modificación da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións.*

Os parágrafos terceiro, cuarto e quinto da disposición transitoria décima da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, substitúense polos seguintes parágrafos, que quedan redactados como segue:

«Unha vez que entrase en vigor o regulamento previsto pola disposición adicional décima desta lei, poderanse outorgar novas autorizacións para a prestación dos servizos de difusión de radio e televisión por cable.

As condicións que se establezan no dito regulamento para a prestación destes servizos de difusión serán aplicables tanto ás novas autorizacións como ás que se refire o parágrafo segundo desta disposición transitoria.»

Artigo quinto. *Modificación do Real decreto lei 1/1998, do 27 de febreiro, sobre infraestruturas comúns nos edificios para o acceso aos servizos de telecomunicación.*

O Real decreto lei 1/1998, do 27 de febreiro, sobre infraestruturas comúns nos edificios para o acceso aos servizos de telecomunicación modifícase nos extremos seguintes:

Un. O punto 2 do artigo 1 modifícase, e queda redactado como segue:

«2. Para os efectos deste real decreto lei, enténdese por infraestrutura común de acceso a servizos de telecomunicación os sistemas de telecomunicación e as redes, que existan ou se instalen nos edificios, para cumprir, como mínimo, as seguintes funcións:

a) A captación e a adaptación dos sinais de radiodifusión sonora e televisión terrestre tanto analóxica coma dixital, e a súa distribución ata puntos de conexión situados nas distintas vivendas ou locais do edificio, e a distribución dos sinais de televisión e radiodifusión sonora por satélite ata os citados puntos de conexión. Os sinais de radiodifusión sonora e de televisión terrestre susceptibles de seren captados, adaptados e distribuídos, serán os difundidos, dentro do ámbito territorial correspondente, polas entidades habilitadas.

b) Proporcionar acceso ao servizo telefónico básico e ao servizo de telecomunicacións por cable, mediante a infraestrutura necesaria para permitir a conexión das distintas vivendas, locais ou do propio edificio ás redes dos operadores habilitados.»

Dous. O punto 1 do artigo 3 modifícase, e queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 3. *Instalación obrigatoria das infraestruturas reguladas neste real decreto lei en edificios de nova construción.*

1. A partir da data de entrada en vigor deste real decreto lei non se concederá autorización para a construción ou rehabilitación integral de ningún edificio dos referidos no artigo 2, se ao correspondente proxecto arquitectónico non se une o que prevexa a instalación dunha infraestrutura común propia, que deberá ser asinado por un enxeñeiro de telecomunicación ou un enxeñeiro técnico de telecomunicación. Estes profesionais serán, así mesmo, os que certifiquen a obra. Esta infraestrutura deberá reunir as condicións técnicas adecuadas para cumprir, polo menos, as funcións indicadas no artigo 1.2 deste real decreto lei, sen prexuízo dos que se deter-

mine nas normas que, en cada momento, se diton no seu desenvolvemento.»

Artigo sexto. *Modificación da Lei 22/1999, do 7 de xuño, de modificación da Lei 25/1994, do 12 de xullo, pola que se incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva 89/552/CEE, sobre a coordinación de disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos Estados membros relativas ao exercicio de actividades de radiodifusión televisiva.*

A disposición adicional primeira da Lei 22/1999, do 7 de xuño, queda redactada da seguinte forma:

«Disposición adicional primeira.

Sen prexuízo da canle múltiple para emisións con tecnoloxía dixital reservada ás comunidades autónomas na disposición adicional 1.^a do Real decreto 2169/1998, do 9 de outubro, polo que se aproba o Plan Técnico Nacional da Televisión Dixital Terreal, no momento en que se produza o cesamento efectivo das emisións de televisión terrestre de ámbito autonómico con tecnoloxía analóxica, o Plan técnico da televisión dixital terrestre reservará unha segunda canle múltiple, tendo en conta os estatutos de autonomía, para a súa emisión con tecnoloxía dixital de ámbito autonómico.

As comunidades autónomas decidirán o réxime de xestión das canles múltiples ou programas de televisión dixital terrestre de ámbito autonómico.»

Disposición adicional primeira. *Titularidade e participación accionarial en sociedades concesionarias do servizo de radiodifusión sonora anteriores á entrada en vigor desta lei.*

A modificación dos límites establecidos no artigo 1 desta lei non afectará as titularidades e participacións legalmente adquiridas conforme a normativa anterior.

Disposición adicional segunda. *Garantía de accesibilidade da televisión dixital terrestre para as persoas con discapacidade.*

Conforme o disposto na Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade, e nas súas disposicións de desenvolvemento, as administracións competentes, logo de audiencia aos representantes dos sectores afectados e interesados, adoptarán as medidas necesarias para garantir desde o inicio a accesibilidade das persoas con discapacidade aos servizos de televisión dixital terrestre. Para conseguir este fin, as medidas que se adopten ateranse aos principios de accesibilidade universal e deseño para todas as persoas.

Disposición adicional terceira. *Fomento do plurilingüismo.*

O Goberno impulsará o uso das distintas linguas oficiais do Estado a través das canles adxudicadas nas concesións para a prestación do servizo público de televisión dixital terrestre no ámbito das comunidades autónomas que as teñan recoñecidas polos seus respectivos estatutos de autonomía.

Disposición adicional cuarta. *Desconexión provincial e insular para televisións autonómicas.*

Instase o Goberno para que, sempre que existan frecuencias dispoñibles, se planifique o espectro de maneira

que as televisións autonómicas poidan realizar desco-
nexións provinciais e insulares.

Disposición adicional quinta. *Plan técnico de televisión
local para novas demarcacións municipais.*

As comunidades autónomas, unha vez convocados e
resoltos os concursos públicos nas demarcacións do seu
territorio establecidas polo Real decreto 439/2004,
do 12 de marzo, polo que se aproba o Plan técnico da tele-
visión dixital local, modificado polo Real decreto 2268/2004,
do 3 de decembro, remitirán, no prazo de seis meses, unha
listaxe dos municipios pendentes de planificación que
sexan considerados prioritarios para efecto da súa inclu-
sión o antes posible, en función das disponibilidades do
espectro radioeléctrico, no Plan técnico nacional da televi-
sión dixital local.

Con posterioridade, procederase á planificación do
resto de municipios de tal forma que quede cuberto todo o
territorio nacional para efecto da súa inclusión, en función
das disponibilidades do espectro radioeléctrico, no Plan
técnico nacional da televisión dixital local.

As corporacións locais correspondentes a municipios
planificados posteriormente poderán, mediante acordo
adoptado polo pleno da súa corporación local, solicitar a
súa incorporación á televisión dixital local de xestión
directa que lle corresponda á súa demarcación.

Disposición adicional sexta.

O Goberno asegurará por lei, para todo o territorio
español, a devolución da concesión tanto dunha licenza de
radio coma de TV ás empresas que non cheguen a pór en
marcha a canle de comunicación concedida nun prazo
determinado de tempo.

Disposición transitoria única. *Estatuto público das televi-
sións locais.*

Co fin de garantir a pluralidade no acceso e na xestión
das televisións locais públicas, o Goberno presentará, no
prazo de seis meses, un proxecto de lei audiovisual que
recolla as bases do Estatuto público das televisións locais.

Disposición derradeira primeira. *Transición á televisión
dixital terrestre.*

1. Sen prexuízo das facultades normativas que lles
correspondan ás comunidades autónomas de acordo cos
seus respectivos estatutos de autonomía, autorízase o
Goberno para ditar as disposicións necesarias para o de-
seenvolvemento e a aplicación desta lei.

2. Así mesmo, o Goberno adoptará as medidas opor-
tunas para garantir a transición da televisión analóxica á
televisión dixital terrestre e adoptará as disposicións que
resulten necesarias para iso.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o mesmo día da súa publica-
ción no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades,
que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 14 de xuño de 2005.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,

JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

MINISTERIO DE FOMENTO

10181 *REAL DECRETO 652/2005, do 7 de xuño, polo
que se modifica o Real decreto 2062/1999, do
30 de decembro, polo que se regula o nivel
mínimo de formación en profesións marítimas.
(«BOE» 143, do 16-6-2005.)*

O Real decreto 2062/1999, do 30 de decembro, polo
que se regula o nivel mínimo de formación en profes-
ións marítimas, incorporou ao ordenamento xurídico
interno a Directiva 98/35/CE do Consello, do 25 de maio
de 1998, pola que se modifica a Directiva 94/58/CE rela-
tiva ao nivel mínimo de formación en profesións marí-
timas, tendo en conta as emendas de 1995 ao anexo do
Convenio Internacional da Organización Marítima
Internacional sobre normas de formación, titulación e
garda para a xente de mar, de 1978 (Convenio STCW).
Esta norma comunitaria experimentou sucesivas revi-
sións, a última das cales foi a Directiva 2003/103/CE do
Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de novembro
de 2003, pola que se modifica a Directiva 2001/25/CE
relativa ao nivel mínimo de formación nas profesións
marítimas.

A Directiva 2003/103/CE adopta os novos requisitos
sobre exigencia de linguas para as comunicacións entre
os buques e as autoridades de terra, obrigatorios a partir
das emendas ao Convenio internacional para a segurida-
de da vida humana no mar (Convenio SOLAS) que
entraron en vigor o 1 de xullo de 2002, e actualiza os exi-
gibles para a expedición dos títulos e os referendos do Con-
venio STCW. A directiva regula, igualmente, un novo
procedemento para o recoñecemento polos Estados
membros da Unión Europea de títulos profesionais marí-
timos emitidos por outros Estados, no cal a Axencia Euro-
pea de Seguridade Marítima ten que desempeñar un
labor importante de apoio á Comisión e aos Estados
membros, por razóns de eficacia e de harmonización de
criterios.

Este real decreto ten como finalidade incorporar
ao ordenamento xurídico nacional a Directiva 2003/
103/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 17
de novembro de 2003, polo que se fai necesaria a
modificación do Real decreto 2062/1999, do 30 de dec-
embro.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Fomento,
de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación
do Consello de Ministros na súa reunión do día 3 de xuño
de 2005,

D I S P O Ñ O:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 2062/1999,
do 30 de decembro, polo que se regula o nivel mínimo
de formación en profesións marítimas.*

O Real decreto 2062/1999, do 30 de decembro, polo
que se regula o nivel mínimo de formación en profesións
marítimas, modifícase nos seguintes termos:

Un. Engádese un artigo 6 bis no capítulo III, coa
seguinte redacción:

«Artigo 6 bis. *Expedición de títulos profesionais da
mariña mercante.*

Os títulos expediranse consonte o punto 1 da
regra I/2 do Convenio STWC.»